

En caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas tipoloxías eiqui establecidas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo ou na Base de Datos da Construcción de Galicia aprobada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS E SERVIZOS URBANÍSTICOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15º ao 19º do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a exacción da "Taxa por licenzas urbanísticas e servizos urbanísticos", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, da que as normas atenden ao previsto no artigo 57º do devandito R.D. lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo aos que se refiren os artigos 194º a 198º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e que se vaian realizar dentro do termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei, regulamentos que a desenvolvan, e nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten a licenza de obras ou que executen as instalacións, obras ou construcións sen ter obtido a preceptiva licenza.
2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras, de conformidade co previsto no artigo 23.2.b) do R.D.Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 4. RESPONSABLES SOLIDARIOS E SUBSIDIARIOS

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o artigos 41º e 42º da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de derecho das persoas xurídicas, sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. OBRIGA DE CONTRIBUÍR

1. A obriga de contribuír nacerá no momento de comezar a prestación do servizo, que ten lugar dende que se formula a solicitude da preceptiva licenza, ou dende que o Concello realice as iniciais actuacións conducentes a verificar se é ou non autorizable a obra, instalación, primeira ocupación dos edificios ou modificación do uso deles, que se efectuase sen a obtención previa da correspondente licenza.
2. A obriga de contribuír non se verá afectada ou modificada pola denegación no seu caso da licenza, concesión con modificacións da solicitude, renuncia ou desestimento do solicitante.
3. A obriga de contribuír a taxa producirase áinda que a concesión da licenza veña imposta polas normas que regulan o silencio administrativo positivo.

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

1. Nas licenzas de obras de edificación de nova planta, reconstrucción, rehabilitación, reforma, acondicionamento, derrubo, na execución de instalacións e nas obras menores, tomárase como base de gravame da presente taxa, en xeral, o custo real e efectivo da obra, construcción ou instalación determinado segundo os criterios establecidos na Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras para cada ano.
2. Na fixación de alíñacions e restantes realizadas sobre o terreo e formalizadas mediante a correspondente acta, tomárase como base de gravame, os metros lineais de fachada ou fachada dos inmobles ou cerramentos de parcelas.
3. Nas licenzas de segregación, parcelamento ou reparcelamento, o número de unidades de parcelas resultantes.
4. Nas licenzas de primeira ocupación, utilización ou apertura, a superficie construída expresada en metros cadrados.

ARTIGO 7. COTA TRIBUTARIA

1.- INFORMES TÉCNICOS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS

1.1	Por cada alíñación realizada sobre o terreo a petición do interesado	
1.1.1	Atá 100 metros lineais	30,00 €/ud
1.2.2	Por cada metro lineal ou fracción en exceso	0,50 €/ml
1.2	Licenzas de segregación, parcelamento ou reparcelamento, por cada parcela resultante, en calquera clasificación de solo.	30,00 €/ud
1.3	Tramitación de solicitudes de devolución de ICIO de licenzas urbanísticas desistidas ou demegadas, incluída a emisión dos informes técnicos precisos.	30,00 €/ud

1.4	Tramitación de solicitudes de devolución de avais de garantía de licenzas urbanísticas, incluída a emisión dos informes técnicos precisos, sempre que non se realice a tramitación simultánea de primeira ocupación, utilización ou apertura.	30,00 €/ud
1.5	Expedientes de declaración de ruína, tramitados a instancia de parte	155,00 €/ud

2.- LICENZAS DE OBRA DE EDIFICACIÓNNS, INSTALACIÓNNS E CONSTRUCIÓNNS

2.1	Por obras de construcción, edificacións e instalacións de nova planta, reconstrucción, rehabilitación, reforma, acondicionamento e demolición, e as obras menores, sobre o custo real e efectivo conforme art. 6º.1, e sen que poida resultar unha cota inferior a 30,00 €.	0,12% ≥ 30,00 €
-----	---	--------------------

3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E UTILIZACIÓN

3.1	De edificacións unifamiliares ou plurifamiliares con uso característico residencial, por cada m ² de superficie construída.	1,20 €/m ²
3.2	De naves ou establecementos físicos con uso característico industrial, agropecuario, comercial ou administrativo, e outras análogas, por cada m ² de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.	0,80 €/m ²
3.3	De edificacións ou establecementos físicos con uso característico o terciario, deportivo, docente, asistencial, hoteleiro, hostaleiro ou establecementos para espectáculos públicos ou actividades recreativas, e outras análogas, por cada m ² de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.	0,90 €/m ²
3.4	Instalacións de GLP ou similares, ascensores e montacargas, transformadores, antenas de telecomunicacións, depósitos de almacenamento de auga e outras análogas, por unidade	50,00 €/ud
3.5	Instalacións térmicas de producción de auga por aproveitamento da enerxía solar, por cada m ² ou fracción de superficie de placas instaladas. (Excluídos os que estean incorporados nos proxectos de obra de edificacións obxecto de licenza de primeira ocupación, utilización ou actividade)	15,00 €/m ²
3.6	Instalacións de producción de enerxía eléctrica con paneis fotovoltaicos, por cada m ² ou fracción de superficie de panel instalado. (Excluídos os que estean incorporados nos proxectos de obra de edificacións obxecto de licenza de primeira ocupación, utilización ou apertura)	22,00 €/m ²

Considerarase como uso característico dunha edificación ao uso principal, predominante ou maioritario na mesma, incluída a superficie construída das partes da edificación ou locais anexos que sexan destinadas a usos auxiliares ou complementarios da principal, tales como almacéns, garaxes, alpendres e galpóns, porches, cuartos de instalacións e outros análogos.

4.- LICENZAS DE CAMBIO DE USO URBANÍSTICO

4.1	Por cambio de uso característico das edificacións, que non leve asociada a execución de obras, por cada m ² de superficie construída	0,50 €/m ²
-----	---	-----------------------

Considerarase como uso característico dunha edificación ao uso principal, predominante ou maioritario na misma, incluída a superficie construída das partes da edificación ou locais anexos que sexan destinadas a usos auxiliares ou complementarios da principal, tales como almacéns, garaxes, alpendres e galpóns, porches, cuartos de instalacións e outros análogos.

5.- OUTRAS ACTUACIÓNNS URBANÍSTICAS

5.1	Íncursión na situación legal de Fora de Ordenación Total de edificacións, de acuerdo coa D.T.3 ^a da Lei 2/2010 LOUG.	
4.1.1	Cota fixa por unidade ate 200 m ² de superficie construída da edificación	100,00 €/ud
4.1.2	Por cada m ² ou fracción en exceso	0,35 €/m ²
5.2	Tramitación de solicitudes de prórroga de licenzas urbanísticas	15,00 €/ud
5.3	Para toda aquela actuación urbanística que se axuste ao feito imponible desta ordenanza e non apareza especificada nos epígrafes anteriores, aplicarase unha cota fixa por unidade.	30 €/m ²
5.4	A partir da 3 ^a visita de inspección, esta incluída, na tramitación de licenzas de primeira ocupación, utilización ou cambio de uso	30 €/visita

ARTIGO 8. BONIFICACIÓNNS.

Establécense as seguintes bonificacións da cota a favor de aqueles suxeitos pasivos que teñan recoñecida a condición de familia numerosa, acreditada coa presentación do título oficial expedido por a Consellería correspondente:

1. Categoría xeral: un 25%.

2. Categoría especial: un 40%.

Esta bonificación concederáse a solicitude do suxeito pasivo, e producirá efectos a partir da súa solicitude.

Aplicaránse únicamente no caso de obras menores e na construción de vivendas unifamiliares de primeira residencia co límite de 200 m² de superficie construída.

A documentación a achegar polo suxeito pasivo será a seguinte:

- a. Solicitud de bonificación.
- b. Título que acredite a condición de familia numerosa.

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN.

A. Tramitación.

1. Os interesados na obtención dunha licenza de obras ou urbanística están obrigados a presentar no Rexistro Xeral do Concello a oportuna solicitude por medio de instancia dirixida ao alcalde, segundo o modelo oficial que se facilitará na oficina do Rexistro de documentos do concello, onde se determinarán os documentos que deberá de presentar o interesado.

2. A solicitude poderá ser formulada polo interesado ou polo contratista das obras, pero deberá facerse constar o nome e endereço do propietario do inmoble acompañarase de proxecto subscrito por técnico competente, visado en Colexio Oficial, se procede, e co contido establecido na lexislación vixente. Nos supostos de falta de calquera dos documentos esixidos actuarse conforme o regulado na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que, de conformidade coa normativa estatal, autonómica e local aplicable, non sexa esixible a presentación de proxecto, acompañarase á solicitude, entre outros documentos, un orzamento das obras a realizar así como unha descripción precisa da superficie afectada, materiais a empregar, i en xeral, das características da obra ou acto, dos cales os seus datos permitan comprobar o seu custe.

4. Se despois de formulada a solicitude de licenza se modifícase ou ampliase a obra prevista, deberá poñerse en coñecemento da administración municipal, acompañado do reformado de proxecto ou dun novo orzamento, con documentación que permita determinar o alcance da modificación ou ampliación.

5. As solicitudes para a primeira utilización dos edificios deberán ser subscritas polo promotor da edificación, e a súa obtención e requisito indispensable para poder destinar os edificios o uso proxectado, debendo acompañarse de certificado final de obra, subscrito por técnico competente, cos visados oficiais que procedan, e calquera outra documentación necesaria por aplicación da normativa técnica ou sectorial en vigor.

B. Autoliquidación

1. A teor do conferido no artigo 27 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o solicitante da licenza procederá a autoliquidar o seu importe e ingresar a cota tributaria resultante. A referida autoliquidación é un acto do obrigado tributario, cuxo importe será reintegrado ao contribuiente, se por causas non imputables ao mesmo non chegara a prestarse o servizo, e non se atope o dereito de devolución prescrito de acordo co previsto no artigo 66.c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, que aproba a Lei Xeral Tributaria.

2. Dicha autoliquidación achegarase conxuntamente coa solicitude da oportuna licenza de obras ou urbanística, segundo modelo determinado polo concello e tomando como base mínima as taboas de valores e precios aprobadas ao efecto, segundo anexos da ordenanza fiscal sobre construcións, instalacións e obras, acompañando xustificante de abono en conta, a favor do concello, en Caixa de Aforro o Banco, non podéndose tramitar a licenza en tanto non se pagara a dita autoliquidación.

3. Se unha vez autoliquidada a taxa, resultara unha cota superior ou inferior as especificadas na presente ordenanza fiscal, antes de expedir a oportuna licenza procederáse a requirir o ingreso da diferenza, no primeiro caso, e a devolución do exceso, no segundo.

4. Independentemente do sinalado no parágrafo anterior, a Administración tributaria poderá comprobar os actos realizados polos obrigados tributarios, ben por medio de procedementos de xestión ou de inspección, segundo os criterios ou normas establecidos na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

C. Resolución

1. A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, se tivera delegada tal atribución, adoptará a resolución que procedera en canto ó outorgamento da licenza solicitada. e procederá así mesmo, a aprobar a liquidación dos dereitos ou taxas correspondentes.

2. As liquidacións iniciais terán carácter provisional ata que unha vez rematadas as obras sexa comprobado pola Administración municipal o efectivamente realizado e o seu importe, requirindo para iso dos interesados as correspondentes certificacións de obras e demais elementos ou datos que se consideren oportunos. Á vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

ARTIGO 10. INFRACCIONES E SANCIÓNIS TRIBUTARIAS

1. As sancións que procedan por infraccións cometidas por inobservancia do disposto nesta ordenanza, serán independentes das que puideran arbitrarse por infraccións urbanísticas, conforme o disposto na Lei 9/2002 LOUG e as súas disposicións regulamentarias.

En materia de infraccións e sancións será aplicable, segundo dispón o artigo 11º do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a regulación contida nos artigos 178º e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As tarifas establecidas na presente ordenanza incrementaranse anualmente segundo o IPC.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a ordenanza fiscal nº6 deste concello reguladora de taxas por licencias urbanísticas publicada no BOP núm.246, do 25 de outubro de 1997 e as súas modificacións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor mentres non se acorde expresamente a súa modificación ou derogación.

ANEXO I MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MAIORES**ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E SERVIZOS URBANÍSTICOS****a)Normas xerais, criterios de valoración.**

1. Un traballo considerarase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destino minoritarios. Só se aplicarán diversos módulos cando cada destino minoritario supere o 25% da superficie total; neste caso valorarase independentemente.
2. A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos pola liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os eixes de medianeras compartidos se se dar o caso.

b)Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación.

Definicións:

Mbu.- Módulo básico en función do uso da edificación

Sc.- Superficie total construída en m².

Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.

Mc.- Módulo de construcción ou de referencia.

Oemb.- Orzamento de execución material segundo módulos básicos.

Oemp.- Orzamento de execución material do proxecto.

Módulo básico por uso: Mbu

Establécese un prezo en €/m² para o cálculo do custo de execución material da edificación segundo o uso característico ou predominante na edificación de acordo co establecido no apartado a).1 deste anexo. O seu valor será actualizado periodicamente por acordo da Xunta de Goberno.

Establécense os seguintes módulos básicos:

Mbu	USOS DA EDIFICACIÓN	€/M2
1.-	Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5*. Edificios bancarios	744,00
2.-	Hospitais. Laboratorios. Igrexas	697,50
3.-	Bibliotecas. Facultades e escolas universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais aéreas ou fluviais	651,00
4.-	Clubes sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Sals de festas. Discotecas. Colexios con residencia	604,50
5.-	Casas de cultura. Casas consistoriais. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3 ^a idade e Centros de día. Apartahoteis. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros.	558,00
6.-	Vivenda. Hoteis 2*. Reidencias universitarias. Moteis	511,50
7.-	Residencial VPO. Oficinas. Garderías. Centros docentes. Hoteis 1*. Ambulatorios. Hostais-Residencias. Restaurantes. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.	465,00
8.-	Bares. Mercados	418,50
9.-	Centros comerciais. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios, Bungalows. Servizos de camping.	372,00
10.-	Edificios de aparcamentos. Local comercial. Establecementos comercias, industria escaparate	302,25
11.-	Piscinas descubertas. Cemiterios	232,50
12.-	Garaxes e aparcamentos. Estacións de servizo	186,00
13.-	Trasteiros. Pórticos, soportais e terrazas abertas	162,75
14.-	Almacéns e naves industriais. Instalacións deportivas descubertas. Naves. Granxas. Alpendres, pendellos ou cubertos. Depósitos. Graderíos. Panteóns (por nicho)	139,50
15.-	Proxectos de urbanización (adscritos á edificación). Parcelas camping.	46,50
16.-	Xardíns. Camiños de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos.	23,25
17.-	Demolicións e derrubos (aplicada á superficie total de plantas que se van a derrubar). Para cada calquera tipo de uso edificatorio.	13,50

Superficie construída por uso: Sc

Un traballo considérase ou non incluído no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie, no que se inclúen as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no apartado a).1 deste anexo.

Coefficientes por tipoloxía construtiva: Ct

Establécese un coeficiente corrector en función do tipo de actuación construtiva, sendo os seguintes:

Ct TIPOLOXIA CONSTRUTIVA

1.- En edificacións de nova planta e adicións ou ampliacións

1,20 Edificación illada. Vivenda unifamiliar illada. Sotos a partir do 3º

1,10 Agrupación de edificación en ringleira. Sotos 1º e 2º

1,00 Edificio en quinteiro pechado. Edificación aberta en vivenda colectiva

2.- En obras de reforma e rehabilitación

1,20 Rehabilitación total, incluíndo a desmontaxe de fachadas

1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entrechans

1,00 Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente fachadas

0,65 Reforma interior de instalacións e distribución conservando a estrutura existente

0,50 Reformas de elementos estruturais

0,35 Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpinterías e cerramentos (aplicado a superficie de fachada)

0,30 Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións ou distribución (acabados).

Módulo de construcción ou de referencia: Mc

É o valor en €/m² que resulta de aplicar ao módulo básico **Mbu** o coeficiente corrector **Ct** en función da tipoloxía construtiva, segundo a seguinte fórmula:

$$Mc = Mbu \times Ct$$

Nos casos nos que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aplicarase a media entre os que mais se asemellan.

Orzamento de execución material segundo módulos básicos: Oemb

O orzamento de execución material segundo módulos básicos obterase de aplicar á superficie total construída **Sc** o valor de **Mc** obtido conforme ao apartado anterior, segundo a seguinte fórmula:

$$Oemb = Mc \times Sc$$

O **Pemb** obterase como sumatorio dos resultados parciais do producto de **Mc** x **Sc**, cando concorran as circunstancias específicas no apartado a).1 deste anexo.

Orzamento de execución material de proxecto: Oemp

Considérase como tal o orzamento de execución material que figura no proxecto achegado polo solicitante, como resultado da suma da valoración de todas as unidades ou partidas de obra do proxecto, sen considerar os gastos xerais, beneficio industrial, honorarios profesionais nin I.V.E

Utilizarase como base impoñible aos efectos do cálculo do ICIO, o **Oemp** sempre que este non resulte inferior ao **Oemb**.

ANEXO II MÓDULOS VALORATIVOS DE OBRAS MENORES E OUTRAS ACTUACIÓNS**ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E SERVIZOS URBANÍSTICOS**Coste de execución material de unidades de obra:

UD	1.- CERRAMENTO, VALADOS DE FINCAS E ACCESOS	PREZO/UD en €
ml	Peche con elementos vexetais	7,00
ml	Peche delimitador de postes e arame	12,25
ml	Peche de postes e malla ou semellante	18,35
m2	Peche de reixa de forxa, celosía ou semellante	33,63
m2	Peche de bloque de formigón revestido ou semellante	27,40
ml	Peche con chantos de lousa	28,62
m2	Peche de cachotería ou sillería	70,05
m2	Muro de contención de cachotería ou formigón en masa	63,10
m2	Muro de contención de formigón armado	68,00
ml	Paso salvacunetas mediante entubado de gabia e pavimentación	22,15
ml	Rebaixe de bordillo para a acceso de vehículos e vados	14,19
ml	Cancela de acceso a parcela metálica, madeira ou semellante	105,30
ud	Execución de columna para contador de electricidade/auga	210,00

UD	2.- DEMOLICIÓN E DESMONTAXES	PREZO/UD en €
m2	Picado de azulexados, aplacados, enfoscados ou semellante	7,65
m2	Demolición de pavimentos de baldosas de pedra, cerámica ou semellante	7,21
m2	Demolición de muro de cachotería ou apertura de oco en muro	64,47
m2	Demolición de tabiquería interior ou apertura de oco interior	4,88
m2	Demolición ou desmontaxe de entaboados de madeira	7,06
m2	Demolición ou desmontaxe de entaboados de madeira, cangos e pontóns	14,75
m2	Desmontaxe de cubrición de cuberta de lousa, tella, chapa, fibrocemento ou semellante, con pp de canos e baixantes	6,22
m2	Desmontaxe de entramado de madeira de cuberta, cangos e pontóns	11,70
m2	Desmontaxe de mobiliario de cociña	18,00
ud	Desmontaxe de sanitarios de baño ou aseo	40,00
ud	Desmontaxe de instalación eléctrica, fontanería ou saneamento en vivenda	143,30
ud	Demolición de cheminea sobre cuberta	48,00
UD	3.- MOVIMENTO DE TERRAS E CANALIZACIÓN	PREZO/UD en €
m2	Desbroce e limpeza de terreo	2,75
m3	Excavación de terras en baleirado	3,25
m3	Recheo estendido e compactación de terras en terraplén ou explanacións	4,30
ml	Excavación ou apertura de gabias ou foxos	4,54
ml	Recheo e compactación de gabias ou foxos	5,32
ml	Canalización soterrada para saneamento, auga, electricidade ou telecomunicacións, incluída a excavación e recheo de gabias ou foxos	22,80
ud	Arqueta de rexistro para instalacións soterradas, instalada	110,25

UD	4.- CUBERTAS E AZOTEAS (medición en planta)	PREZO/UD en €
m2	Cubrición de cuberta con lousa, colocada sobre rastreis ou cangos con ganchos de aceiro	32,86
m2	Cubrición de cuberta con tella cerámica, formigón ou semellante, con ganchos ou cravos de aceiro e/ou morteiro.	25,16
m2	Cubrición de cuberta con chapas de fibrocemento	15,95
m2	Cubrición de cuberta con chapas de aleación metálica ou semellante	24,75
m2	Colocación de viguetas prefabricadas de formigón ou pontóns de madeira	
ml	Cano ou baixante de PVC ou aluminio	15,97
ml	Cano de chapa de zinc-cobre-titanio	30,12
ml	Cano de chapa de aceiro prelacado	26,36
m2	Lucernario ou xanela de cuberta tipo Velux ou semellante	152,25
m2	Impermeabilización de terraza, balcón ou azotea existente con lámina asfáltica ou semellante, incluído illamento térmico	32,21
ud	Formación de cheminea sobre cuberta con fábrica revestida ou semellante, incluso elemento de coroación	158,45

UD	5.- ALBANELERÍA E SOLLADOS	PREZO/UD en €
m2	Tabique de fábrica de ladrillo dunha folla recebado por ambas caras	42,60
m2	Tabique de cartón xeso tipo Pladur	38,59
m2	Extradorsado de paredes con placa de xeso laminado	15,86
m2	Formación de cámara de aire con fábrica de ladrillo e illamento interior	16,12
m2	Cerramento de dobre folla de ladrillo con illamento interior	35,93
m2	Cerramento de fachada con muro de cachotería ou sillería	88,65
m2	Cerramento de muro de fábrica de bloque	24,20
ml	Chanzos de fábrica en formación de escalaera	16,07
m2	Soleira de formigón	18,23
m2	Recrecio de pisos con morteiro de cemento	7,60

UD	6.- PAVIMENTOS E REVESTIMENTOS INTERIORES E EXTERIORES	PREZO/UD en €
m2	Pavimento de beirarrúa de baldosa hidráulica ou semellante, incluso pp de bordo	20,59
m2	Pavimento de gres, terrazo, sintético ou semellante	30,13
m2	Pavimento de madeira	52,30
m2	Pavimento de pedra ou mármore	61,10
m2	Chapado de pedra ou mármore en fachadas	72,14
m2	Panolado de madeira en paramentos verticais	35,51
m2	Azulexado de paramentos interiores	22,67
m2	Revocadura con morteiro monocapa	20,50
m2	Rexuntado con morteiro en fábrica de cachotería	18,55
m2	Enfoscado ou recebo de paramentos verticais ou horizontais	14,60
m2	Limpeza de fachadas por medios manuais ou mecánicos	14,55

m2	Pintura en paramentos exteriores ou interiores	8,67
m2	Falso teito liso de escaiola ou xeso laminado	18,21
m2	Falso teito de madeira ou acústico (modular)	31,32

UD	7.- CARPINTERÍAS EXTERIORES E INTERIORES	PREZO/UD en €
ud	Porta de entrada á vivenda de madeira maciza e/ou seguridade	540,00
ud	Porta de entrada á vivenda en aluminio lacado ou PVC	383,80
ud	Porta de paso interior de madeira	135,50
m2	Substitución ou colocación de carpintería exterior de madeira en formación de xanelas ou portas abalconadas	179,26
m2	Substitución ou colocación de carpintería exterior de aluminio ou PVC en formación de xanelas ou portas abalconadas	128,25
m2	Restauración e pintado/vernizado de carpintería exterior de madeira existente	17,05
m2	Acrystalamento de vidro sinxelo en carpintería exterior	31,35
m2	Acrystalamento de vidro dobre en carpintería exterior	68,15
m2	Acrystalamento de vidro templado ou laminado de seguridade	80,95
m2	Persiana de madeira ou PVC	85,20
m2	Rexa metálica de seguridade en protección de portas ou xanelas	92,00
m2	Toldo de tea con brazos abatibles	160,86
ml	Verteaugas de pedra en oco exterior	142,15
ml	Xamba o dintel de pedra	75,80

UD	8.- OBRAS DIRIXIDAS A GARANTIR AS CONDICÓNS HIXÉNICO SANITARIAS E DE HABITABILIDADE	PREZO/UD en €
ud	Instalación de fosa séptica con foxo filtrante en vivenda (para 6 persoas)	1.150,00
ud	Instalación de pozo de auga de barrena ou artesán	1.300,00
m3	Depósito de auga	175,55
ud	Quentador de instantáneo para producción de AQS, de gas	250,00
ud	Termo eléctrico para producción de AQS, de gas de ata 100 litros	285,00
ud	Conexión coa rede de saneamento	85,00
ud	Conexión coa rede de abastecemento de auga	165,00
ud	Renovación de instalación de saneamento en baño/aseo	152,00
ud	Renovación de instalación de saneamento en cociña	130,75
ud	Renovación de instalación de fontanería en baño/aseo	321,80
ud	Renovación de instalación de fontanería en cociña	295,65
ud	Substitución de aparatos sanitarios en baño composto por bañeara/ducha, inodoro, bidé e lavabo, incluso billame	691,36
ud	Substitución de aparatos sanitarios en aseo composto por inodoro, e lavabo, incluso billame.	357,60
m2	Mellora ou substitución de instalación eléctrica en vivenda por cada m2 de superficie útil.	22,32
m2	Instalación interior de calefacción en vivenda por cada m2 de superficie útil.	64,95

UD	9.- VARIOS	PREZO/UD en €
m2	Instalación de quioscos en vía pública	284,12
m2	Instalación de cartel ou panel publicitario visible dende vía pública	42,60
m2	Colocación de rótulo opaco	339,64
m2	Colocación de rótulo luminoso	414,58
m2	Construcción de marquesina	284,12
m2	Construcción de alpendre ou galpón de fábrica, con superficie <25 m2, de escasa entidade construtiva e técnica sinxela.	176,12
ud	Construcción de escala de madeira entre dúas plantas	568,24
ml	Varanda de madeira ou metal en protección de ocos	133,25
ud	Instalación de grúa ou guindastre (montaxe/desmontaxe)	825,00
ml	Instalación de andamios	12,00
m2	Construcción de silo	78,50
m2	Instalación térmica solar de producción de auga por m2 de superficie de placas instaladas	1.080,00
m2	Instalación fotovoltaica solar de producción eléctrica por m2 de superficie de placas instaladas. Para instalacións de ate 400 m2 de superficie de placas	624,00
m2	Instalación fotovoltaica solar de producción eléctrica por m2 de superficie de placas instaladas. Para instalación de máis de 400 m2 de superficie de placas	410,00
ud	Corte de árbores (porte medio)	23,68
ud	Descoutado de tocóns de árbores (porte medio)	31,02
ud	Plantación de árbores ornamentais de porte medio	15,56
m2	Plantación de árbores en extensión superficial, incluso laboreo previo	2,17

En caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas tipoloxías eiqui establecidas, aplicárselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo ou na Base de Datos da Construcción de Galicia aprobada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBÁNS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e de conformidade co disposto no art. 20, apartado 4, letra s) do R.d.legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello aprobou a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no art. 57 do devandito R.d.legislativo 2/2004

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obligatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servicios, así como locais recreativos, de culto ou de actividades de venda ambulante.
2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou a recollida dos cales esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Así mesmo considérase realizado o feito imponible naquelas vivendas que dispoñan de auga potable ou outro suministro e nos establecementos onde se exercen actividades económicas, susceptibles de seren obxecto de gravame polo IAE ou outros tributos, sempre que exista aparenzia exterior de realización dunha actividade económica.

4.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuyentes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refiere o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo de precario.

1. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude, será suxeito pasivo o solicitante ou o causante da prestación.
2. No caso de vivendas ou locais, presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ao servizo da auga, e no caso de establecementos nos que se realicen actividades económicas, a persoa física ou xurídica que figura coma suxeito pasivo no Imposto sobre Actividades Económicas e nos restantes tributos municipais que graven ou poidan gravar a actividade desenvolvida.
3. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquellas, beneficiarios do servizo.

Aos efectos desta taxa, entenderase usuario do servizo aos titulares do contrato de suministro de auga, devengándose a mesma por cada contrato de suministro suscrito.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuinte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas e entidades a que se refiere o art. 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas e entidades que figuran no art 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. TARIFAS

A cota tributaria é o resultado da aplicación das seguintes tarifas:

	TARIFA ANUAL	TARIFA TRIMESTRAL	TARIFA SEMESTRAL
Tarifa normal			
Vivenda	52,40	13,10	26,20
Hoteis, hostais e moteis, que só presten servizo de almorzo (€/habitación)	5,00	1,25	2,50
Hoteis, hostais e moteis, con servizo de restaurante (€/habitación)	12,40	3,10	6,20
Restaurantes, mesóns e casas de comidas	150,00	37,50	75,00
Cafeterías, bares e tabernas	150,00	37,50	75,00